



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

## DECRETO DA ALCALDÍA 15/2017

Asunto: Convocatoria  
ÓRGANO COLEXIADO: Pleno  
Nº SESIÓN: 1/2017  
CARÁCTER : Ordinaria (xoves 26 de xaneiro de 2017 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me confiren os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno**, convoco a correspondente a **xaneiro de 2017, para o xoves 26 de xaneiro de 2017, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira ) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

### ORDE DO DÍA

#### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 9/2016, ordinaria, do 24 de novembro de 2016).
- 2.-Proposta de acordo provisorio para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (introdución de exención para centros sanitarios de titularidade pública).
- 3.-Proposta de solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivenda e demais escolares das vivendas nº (segundo o Catastro) 9, 13, 17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33 adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel, e da Escola Unitaria de Herves.
- 4.-Proposta de acordos en relación ao proxecto complementario nº 1 da obra "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

#### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.-Rogos e preguntas.


Notifíquese a presente resolución aos/as Sres/as. concelleiros/as membros do órgano convocado , advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría (accidental ou titular)do Concello a partires da notificación da convocatoria.

Carral, 23 de xaneiro de 2017

A ALCALDESA EN FUNCIONS

(Por substitución do señor Alcalde por ausencia, mediante decreto 13/2017, do 18 de xaneiro)

  
Florinda Duarte Gerpe

Visto o decreto.

O SECRETARIO

Diego García Doval